

BANDA INFANTIL CMUS CARBALLO

A Banda infantil do Cmus Carballo é un novo proxecto deste centro que nace no ano 2017 baixo a dirección do profesor de clarinete Rafael Espido Lata, coa intención de motivar ao alumnado do Grao Elemental de vento e percusión a poder desfrutar da música tocando nunha agrupación e así enriquecer a súa formación musical. Na actualidade, esta agrupación está dirixida pola profesora de Fruta Isaura Rey Castro desde o ano 2023 e conta cuns 25 intérpretes do grao elemental do CMUS. Xa participou en varios concertos neste centro aparte de saír co "Cmus en ruta" ao concerto do Centro Social de Ardaña no 2024.

BANDA DE MÚSICA DE BRIÓN

A Banda Municipal de Brión, comenza a súa andaina no ano 1997 da man de D. Ricardo Noia Vidal, continuando pola labor desenvolta da desaparecida Banda de Música Luaña, Banda moi antiga e recoñecida en Galicia e fundada en 1914. A súa labor foi a de director e tamén profesor de solfexo e coñecemento do instrumental de varios xóvenes que aínda hoxe compoñen a Banda.

Esta agrupación está formada na súa mioría por xóvenes músicos que proceden principalmente da Escola de Música do propio Concello. Todos eles cunha grande experiencia musical en interpretación de diversos estilos de obras, música clásica, moderna, bandas sonoras etc.

A Banda de Música de Brión está a participar en todo tipo de eventos: festas, certames musicais, festivais, concertos, etc. por toda Galicia. Fora da nosa Comunidade participou en dous festivais na veciña Portugal e outro en Granada no festival internacional de Ojijares. Tamén destacar a súa participación na TVG, nos programas Galicia para o Mundo e Luar, e tamén un concerto conxunto coas Bandas de Lousame e Outes no Auditorio de Galicia baixo as directrices do proxecto BRILLOU.

A día de hoxe a Banda Municipal de Brión trata de levar a cabo un traballo que lle permita acadar día a día unha mellor calidade musical e técnica, reflexada nun disco gravado no ano 2009 e que tivo gran éxito de acollida.

BANDA MUNICIPAL CMUS CARBALLO

A Banda Municipal de Música de Carballo iniciou a súa andaina no ano 1984, dirixida por D. Vicente Pérez Planells, nas instalacións do soto do Concello.

Dous anos despois cedería o testemuño a D. José Barros Sada, que dirixiu esta agrupación durante 10 anos, ensaiando en distintas instalacións do Concello, entre elas o C.E.I.P. Bergantiños onde se gravou un programa concurso para TVE en Galicia que se chamaba "Galicia de escola a escola", do que existe unha gravación en vídeo.

No ano 1996 e ata a súa xubilación, vinte anos despois, volve a facerse cargo da dirección da banda D. Vicente Pérez Planells.

Desde o 2017 ata o 2021 a agrupación foi dirixida por D. Rafael Espido Lata, profesor de clarinete do Cmus de Carballo. Parte desta etapa coincidiu cun dos peores momentos das nosas vidas, "a pandemia" na que non foi doado poder realizar os ensaios nin concertos con normalidade, pero aínda así se mantivo a ilusión incluso chegando a gravar o tema resistiré de maneira virtual.

En Setembro do 2021 colle o relevo con moita ilusión e novos proxectos o Carballés D. Javier Bardanca, profesor de trompeta do Cmus Profesional de Música de Carballo e actual director deste mesmo centro.

Desde a súa creación, a Banda Municipal de Música de Carballo realizou actuacións por toda Galicia e gravacións para a Radio Galega, ademais de editar no ano 1999 un disco con temas e estilos moi diversos. No ano 2000 gañou o concurso de Xoves Intérpretes da Xunta de Galicia cun concerto que se recolle nun disco publicado pola propia Xunta. Tamén gravou un disco no programa Outra+Outra 2006 da fundación Paideia e co patrocinio da deputación da Coruña.

Na banda de música municipal de Carballo formáronse moitos dos músicos que hoxe en día forman parte profesionalmente das grandes orquestras de Galicia, Conservatorios, e centros educativos.

Na actualidade, a agrupación está composta por cerca duns cincuenta intérpretes da canteira do CMUS de Carballo e colaboradores amigos da Banda.

I FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA

BANDA INFANTIL CMUS CARBALLO

BANDA MUNICIPAL DE BRIÓN

BANDA MUNICIPAL CMUS CARBALLO

7 de Marzo de 2025 ás 19.30h

Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo



Deputación
DA CORUÑA



Cmus PROFESIONAL CARBALLO





1. SPANISH NIGHTS

J. DE HAAN

2. OVER THE RAINBOW

H. ARLEN/ARR. J. BRUBAKER

3. CASCANUECES

P.I. TCHAIKOVSKY/ ARR. M. STORY

4. BELLA Y BESTIA

A. MENKEN/ ARR. M. SWENNEY

5. ROSAL DE PLATA

ANDRÉS PÉREZ FERNÁNDEZ

6. RAPSODIA GALEGA Nº1

ENRIQUE GARCÍA REY

7. SEDONA

STEVEN REINEKE

8. TYPEWRITER

LEROY ANDERSON

9. MARUXIÑA

A. AMIGO

10. OLE TORONTO

FERRER FERRÁN

11. MONT SERRAT

FERRER FERRÁN

12. HOLIDAY IN RIO

STEVE MCMILLAN

13. LUNA DE ESPAÑA

JOSÉ BUGALLO SENRA

14. QUINTA SINFONÍA E MAMBO Nº5

ARR. RAFAEL VIZCAÍNO CAMBRA

15. CHURRUSQUEIRA

ENRIQUE GARCÍA REY